A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-ABNemNYbq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 07/09/2022 12:10:57

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2022 12:11:00
Nº Rexistro: 40469
Data envio: 07/09/2022 12:11:00.462

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/09/2022 12:10:57

CSV: BOPGDSPG-ABNemNYbq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2022 12:10:52
Nº Rexistro: 40468
Data envio: 07/09/2022 12:10:52.072
Data 07/09/2022 12:10

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 34217,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto de abordar a problemática da sinistralidade laboral na mesa de diálogo social"** (publicada no BOPG número 315 do 4 de maio de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade,** que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego acordou as sucesivas estratexias en materia de seguridade e saúde no traballo no seo do diálogo social en Galicia creando grupos de traballo para o deseño das estratexias e co asesoramento e participación das organizacións sindicais e empresariais que teñen presenza no Consello de Seguridade e Saúde Laboral. Polo tanto, todas as estratexias postas en marcha acadaron o consenso das organizacións representadas nas mesas do diálogo social do Goberno galego.

Neste momento, Galicia, xunto con Cantabria, representa ao resto das Comunidades Autónomas na negociación da futura estratexia española cos axentes sociais a nivel nacional e no que teñen presenza outros organismos con competencias na materia de seguridade e saúde no traballo. Así, cando se acorde a estratexia nacional, que estará informada polo recente marco estratéxico europeo, estableceranse os contactos cos axentes sociais galegos para a redacción da nova estratexia galega, que enmarque as necesidades concretas e os obxectivos a alcanzar en Galicia.

Paralelamente a este deseño e execución compartida coas organizacións sindicais e empresariais galegas nas estratexias, estase a aprobar cada ano o plan de actuación do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, no que se detallan as

CSV: BOPGDSPG-ABNemNYbq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 07/09/2022 12:10:49

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2022 12:10:52
Nº Rexistro: 40468
Data envio: 07/09/2022 12:10:52.072

actividades e programas a desenvolver cada ano, contando co consenso unánime de todas as organizacións con presenza activa e cualificada no Consello Reitor do Instituto.

Así mesmo, cabe destacar como actuación concreta e participada que desde 2020 configúrase un grupo de traballo para a análise da sinistralidade laboral en Galicia na procura, desde unha visión técnico-científica, de obter información relevante para poder actuar sobre os riscos e as actividades de maior sinistralidade e propor liñas de traballo concretas. Neste grupo de traballo, ademais de autoridade laboral galega e o seu órgano técnico na materia, están representadas as organizacións sindicais e empresariais en Galicia.

Ademais, está ao dispor a liña de axudas para a promoción da prevención de riscos laborais que todos os anos se dirixe a entidades e axentes sociais e destacar o traballo de control e inspección que corresponde á ITSS.

O Goberno galego non só está a abordar a problemática da sinistralidade laboral e a mellora da xestión da prevención no marco do diálogo social, senón que está a desenvolver un traballo de continua colaboración co tecido empresarial galego e as entidades que o representen cara unha meta común que precisa da concorrencia de todos os axentes implicados no mundo do traballo**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-ABNemNYbq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2022 12:10:52
Nº Rexistro: 40468
Data envio: 07/09/2022 12:10:52.072

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/09/2022 12:10:49

CSV: BOPGDSPG-ABNemNYbq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2022 13:13:20
Nº Rexistro: 40318
Data envio: 06/09/2022 13:13:20.210
Data 06/09/2022 13:13

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 6ª- **número 34716,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego para elaborar un plan de accesibilidade dos albergues de peregrinos públicos"**, (publicada no BOPG número 320, do 19 de maio de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia,** que ten o seguinte contido:

"Para o Goberno galego a accesibilidade ten que traballarse dun xeito transversal e universal, de xeito que, por exemplo no caso dos albergues, non só afecta ao acceso ao interior dos albergues, se non tamén de facer accesibles os camiños que levan a eses albergues, o mantemento e mellora dos diferentes camiños de Santiago, a sinalización dos mesmos para que todas as persoas con algunha discapacidade podan percorrelos.

Por iso desde a Xunta de Galicia lévase moitos anos traballando na procura da mellora dos camiños, dos seus accesos, das áreas de descanso dos peregrinos e por suposto dos albergues públicos como sinal de identidade da recepción dos peregrinos no seu camiño a Santiago de Compostela.

Neste senso a vontade amplamente expresada polo Goberno galego é a de continuar traballando para a mellora da accesibilidade de todas as infraestruturas vencelladas ao Camiño de Santiago."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-ABNemNYbq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 06/09/2022 13:13:16

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2022 13:13:20
Nº Rexistro: 40318
Data envio: 06/09/2022 13:13:20.210

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/09/2022 13:13:16

CSV: BOPGDSPG-ABNemNYbq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2022 11:48:53
Nº Rexistro: 40191
Data envio: 05/09/2022 11:48:53.374
Data 05/09/2022 11:48

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 34924,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Daniel Pérez López, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a necesidade de adoptar novas medidas para protexer a saúde e a seguridade laboral"** (publicada no BOPG número 323 do 25 de maio de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade,** que ten o seguinte contido:

"O pasado 29 de xuño de 2022 a conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, deu resposta no Parlamento galego á interpelación do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego número de rexistro 34926 sobre a sinistralidade laboral.

En Galicia si existe unha política real e efectiva no eido da seguridade e saúde no traballo. Ademais, por parte da autoridade laboral e dos órganos técnico e inspector nesta materia, existen medidas e accións que teñen como obxectivo reducir os accidentes de traballo e as enfermidades profesionais, así como mellorar a integración e a xestión da prevención dos riscos laborais no tecido empresarial galego.

Ao marxe da normativa de aplicación, o máximo expoñente desta política son as sucesivas estratexias de seguridade e saúde laboral acordadas no seo do diálogo social aberto polo Goberno galego e que se converteron no guión a medio prazo

CSV: BOPGDSPG-ABNemNYbq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 05/09/2022 11:48:49

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2022 11:48:53
Nº Rexistro: 40191
Data envio: 05/09/2022 11:48:53.374

Xacobeo 21·22

para a execución decidida e conxunta con organizacións sindicais e empresariais destas políticas en Galicia.

Remitimos a ligazón da resposta:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MzQ2YjEyZTUtMDM1Ny00YWFkLWFkODgtZmFkMGI5OGFkYmQ0&start=682

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-ABNemNYbq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2022 11:48:53
Nº Rexistro: 40191
Data envio: 05/09/2022 11:48:53.374

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/09/2022 11:48:49

CSV: BOPGDSPG-ABNemNYbq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2022 13:12:59
Nº Rexistro: 40315
Data envio: 06/09/2022 13:12:59.492
Data 06/09/2022 13:12

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 34935,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noelia Otero Lago e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o orzamento do ano 2022 para o desenvolvemento do traballo dos colectivos Lesbianas, gais, transxéneros, transexuais, bisexuais e intersexuais"** (publicada no BOPG número 323 do 25 de maio de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade,** que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia leva anos demostrando a súa implicación na loita contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, e faino, ademais, a través de todos os seus departamentos pois a igualdade e non discriminación responde ao principio de transversalidade debendo estar presente en cada unha das áreas de actuación.

Así, estase a traballar, no marco do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, na promoción da igualdade real e efectiva das persoas LGTBI. Este órgano está dotado anualmente con 15.000 euros para o seu correcto funcionamento e está integrado por todos os departamentos da Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), as tres universidades galegas, os sindicatos UGT, CCOO, CDIF e CIG, a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), así como pola seguintes asociacións:

- CASCO (Comité Antisida A Coruña)
- Nós Mesmas
- Alas Coruña
- Les Coruña

CSV: BOPGDSPG-ABNemNYbq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 06/09/2022 13:12:56

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2022 13:12:59
Nº Rexistro: 40315
Data envio: 06/09/2022 13:12:59.492

- Avante LGTBI
- A Rede Educativa de Apoio LGTBI de Galicia
- Chrysallis Asociación de Familias de Menores Transexuais
- Asociación Pvlse Vigo Queer LGTBIQ+

Ademais, desde 2016 a Xunta colabora a través de convenios coas entidades que desenvolven actividades de promoción e defensa dos dereitos e intereses das persoas do colectivo LGTBI. Grazas a estes apoios poden desenvolver campañas de información social, acompañamento e asesoramento sobre recursos sociais e sanitarios dos que dispoñen, formación específica para o persoal das administracións públicas así como elaborar materiais didácticos.

Así mesmo destácase que no ano 2017 apareceu, por primeira vez, unha partida específica nos Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para as asociacións, organizacións e colectivos LGTBI.

O obxectivo da Xunta de Galicia non é outro que o de garantir que todas as persoas, sen importar a súa orientación sexual e identidade de xénero, poidan exercer plenamente os seus dereitos**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-ABNemNYbq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2022 13:12:59
Nº Rexistro: 40315
Data envio: 06/09/2022 13:12:59.492

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/09/2022 13:12:56

CSV: BOPGDSPG-ABNemNYbq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2022 13:12:44
Nº Rexistro: 40313
Data envio: 06/09/2022 13:12:44.836
Data 06/09/2022 13:12

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 35047,** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María González Albert e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a precarización do persoal do Servizo de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais",** (publicada no BOPG número 323 do 25 de maio de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería d Medio Rural,** que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia aposta decididamente por un dispositivo anti incendios profesional, versátil e eficaz.

Mostra disto é que, desde o ano 2018, aumentouse o tempo anual de traballo do persoal fixo-descontinuo, pasando así de tres a seis meses de traballo na actualidade. As condicións laborais dos profesionais do servizo son as que corresponden en función do seu contrato e da súa categoría, prestándose especial atención a súa seguridade e á dotación de medios materiais. Así mesmo, tal e como se reflicte no Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga 2022), neste ano mantense o esforzo humano e material fronte ao lume, incorporando melloras organizativas e tecnolóxicas no dispositivo.

Deste xeito, falamos dun operativo integrado por máis de 7.000 persoas, contabilizando tanto os profesionais da Xunta, que se manteñen invariables en número respecto do ano pasado, como os adscritos a outras administracións (Central e Local), o persoal de Protección Civil, Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e Exército.

Neste sentido, cómpre salientar que o pasado 18 de maio incorporáronse ao Servizo de Prevención e Extinción de Incendios Forestais da Xunta preto dun millar de traballadores que ocupan prazas de natureza descontinua de seis meses e se manterán en activo ata o vindeiro 17 de novembro.

CSV: BOPGDSPG-ABNemNYbq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

151885

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 06/09/2022 13:12:41

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2022 13:12:44
Nº Rexistro: 40313
Data envio: 06/09/2022 13:12:44.836

Esta incorporación fíxose efectiva de acordo coas necesidades de programación e planificación e en función das circunstancias climatolóxicas presentes e previstas.

Por outra banda, no tocante aos medios materiais, Galicia conta un ano máis con arredor de 30 medios aéreos contra o lume, entre os da Xunta e os que aporta o Estado. En terra haberá preto de 380 motobombas, contabilizando tanto as do Goberno galego como as municipais**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-ABNemNYbq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2022 13:12:44
Nº Rexistro: 40313
Data envío: 06/09/2022 13:12:44.836

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/09/2022 13:12:41

CSV: BOPGDSPG-ABNemNYbq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2022 13:12:37
Nº Rexistro: 40312
Data envio: 06/09/2022 13:12:37.899
Data 06/09/2022 13:12

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 6ª- **número 35131,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Pérez López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os patrocinios publicitarios de promoción do Xacobeo 2021-2022"**, (publicada no BOPG número 323, do 25 de maio de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia,** que ten o seguinte contido:

"Galicia pode presumir de ser unha das Comunidades Autónomas pioneiras na adaptación do seu modelo turístico ás novas premisas relacionadas coa sostibilidade e a diversificación da oferta turística.

Comezamos sendo pioneiros no ámbito Calidade, coa marca "Galicia Calidade" e na contorna turística pechamos o ano pasado en cabeza do incremento de certificacións da Q de calidade.

Seguimos facendo da diversificación turística unha ferramenta de reequilibrio territorial explotando as potencialidades da nosa comunidade, co turismo de natureza a enogastronomía, o patrimonio cultural e inmaterial, as festas, e o termalismo.

Por outra, fomos quen de adaptar o turismo ao escenario da pandemia, e conseguimos consolidar un destino seguro, e agora apostamos polo turismo sostible, como se pode observar nos programas que presentamos dentro dos Fondos Next Generation.

Como mostra da diversificación do modelo turístico galego, podemos resaltar o Xacobeo e o Camiño de Santiago, que son piares do turismo galego. Ambos se fundamentan en valores que van desde a hospitalidade á integración, e conxugan a innovación coa tradición, a

CSV: BOPGDSPG-ABNemNYbq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 06/09/2022 13:12:34

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2022 13:12:37
Nº Rexistro: 40312
Data envio: 06/09/2022 13:12:37.899

espiritualidade e relixiosidade co multiculturalismo; e centrados, precisamente na transversalidade achegando calidade e internacionalización ao noso destino turístico.

No tocante á promoción do Xacobeo 21-22, as cifras récord de visitantes e peregrinos que se están a producir neste 2022 veñen a referendar a actuación da Axencia de Turismo de Galicia neste ámbito."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-ABNemNYbq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2022 13:12:37
Nº Rexistro: 40312
Data envio: 06/09/2022 13:12:37.899

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/09/2022 13:12:34

CSV: BOPGDSPG-ABNemNYbq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2022 13:12:24
Nº Rexistro: 40310
Data envio: 06/09/2022 13:12:24.040
Data 06/09/2022 13:12

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 6ª- **número 35216,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e don Martín Seco García, sobre **"os criterios en que se baseou a concesión ao xornalista Carlos Herrera do título de embaixador de honra do Camiño de Santiago"**, (publicada no BOPG número 325, do 1 de xuño de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia,** que ten o seguinte contido:

"En 2013, a Xunta de Galicia creou a figura do Embaixador de Honra do Camiño de Santiago. Con esta iniciativa, o Goberno galego distingue, desde o 2014, o labor das persoas físicas ou xurídicas que contribuíron de maneira especial ao coñecemento e á divulgación do Camiño, e da cultura e valores xacobeos.

Os embaixadores comprometeranse a colaborar na programación cultural anual da Xunta de Galicia con, polo menos, unha acción ou actividade para divulgar os valores humanos e sociais, culturais e espirituais do Camiño.

No presente ano 2022, recoñécese a defensa que o xornalista fai sempre do Camiño no seu labor radiofónico, pero tamén como peregrino, xa que realiza todos os anos o Camiño de Santiago. Desde fai case 30 anos, o novo Embaixador Carlos Herrera, dedica dez ou doce días todos os anos, para recorrer os diferentes camiños que conducen a Santiago de Compostela, coñecendo e dando a coñecer o conxunto de Camiños de Santiago."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-ABNemNYbq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 06/09/2022 13:12:21

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2022 13:12:24
Nº Rexistro: 40310
Data envio: 06/09/2022 13:12:24.040

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/09/2022 13:12:21

CSV: BOPGDSPG-ABNemNYbq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2022 13:11:55
Nº Rexistro: 40306
Data envio: 06/09/2022 13:11:55.915
Data 06/09/2022 13:11

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 35717,** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego para de desenvolver un plan de información, formación e asesoramento técnico para garantir a sustentabilidade dos sistemas veciñais de a bastecemento de auga",** (publicada no BOPG número 332 do 15 de xuño de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

"A Lei de Augas estatal e os regulamentos do Dominio Público Hidráulico, así como a normativa galega, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, regulan as Comunidades de Usuarios, e concíbenos como corporacións de dereito público adscritas ao organismo de conca. Estas comunidades teñen representación no Consello reitor de Augas de Galicia e son oídas e tidas en conta en todas as actuacións administrativas ou iniciativas que se desenvolven a nivel autonómico, así como en todas as tramitacións administrativa que lles poidan afectar.

A Xunta apoia as Comunidades de Usuarios para que poidan mellorar a súa xestión. Nos últimos anos concedéronse moitas axudas para adquisición e instalación de dispositivos de medición do caudal captado en sistemas de abastecemento de

CSV: BOPGDSPG-ABNemNYbq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 06/09/2022 13:11:52

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2022 13:11:55
Nº Rexistro: 40306
Data envio: 06/09/2022 13:11:55.915

titularidade local e para a mellora da calidade da auga que proporcionan para consumo humano. Existe, polo tanto, vontade por parte da Xunta de Galicia de fomentar e incrementar a colaboración entre administración da auga e administrados, de xeito que se facilite e avance na consecución dos obxectivos ambientais comúns e na mellora da eficiencia e eficacia da prestación de servizos que todos comparten**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-ABNemNYbq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2022 13:11:55
Nº Rexistro: 40306
Data envio: 06/09/2022 13:11:55.915

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/09/2022 13:11:52

CSV: BOPGDSPG-ABNemNYbq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2022 13:11:33
Nº Rexistro: 40303
Data envio: 06/09/2022 13:11:33.587
Data 06/09/2022 13:11

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 35730,** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o contido emitido no programa Fun polo Aire da Televisión de Galicia o 7 xuño a respecto da cirurxía estética",** (publicada no BOPG número 332 do 15 de xuño de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación Radio e Televisión de Galcia,** que ten o seguinte contido:

"Non, nesta reportaxe non houbo ningún pago nin se trata dunha acción publicitaria.

O caso ao que se fai referencia é unha reportaxe dun programa de entretemento, das tardes da TVG, que vive pegado á sociedade. A reportaxe que se fixo no programa en directo 'Fun polo aire' tratou o tema naturalmente e para iso contou cunha voz autorizada, a dun cirurxián plástico e que mesmo advertía dos riscos que acompañan a unha operación. Tamén se pulsou o ambiente da rúa con opinións a favor e en contra desta moda, que por certo non so afecta a mulleres senón tamén a homes. A CRTVG atópase sempre do lado da igualdade e da defensa da muller. Esta cuestión foi respondida na Comisión de Control do mes de xullo, en resposta á POC 35973 presentada polo PsdG**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-ABNemNYbq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

151896

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 06/09/2022 13:11:30

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2022 13:11:33
Nº Rexistro: 40303
Data envío: 06/09/2022 13:11:33.587

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/09/2022 13:11:30

CSV: BOPGDSPG-ABNemNYbq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2022 13:10:59
Nº Rexistro: 40299
Data envio: 06/09/2022 13:10:59.697
Data 06/09/2022 13:10

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 6ª- **número 36071,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e don Martín Seco García, sobre **"as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para solucionar o problema que teñen algúns peregrinos cando non hai prazas nos albergues públicos, e as causas da falta de previsión ao respecto"**, (publicada no BOPG número 334, do 22 de xuño de 2022), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia,** que ten o seguinte contido:

"A partir do Xacobeo 1993 comezan a funcionar os 17 primeiros albergues públicos de peregrinos, con algo máis de 1300 prazas. Desde entón a rede triplicou o número de prazas ofertadas para os peregrinos, ata superar actualmente as 4200 e multiplicou por mais de catro o número de albergues públicos distribuídos en todos os camiños.

Nas últimas datas a rede incrementouse coa incorporación do albergue de Vigo, ao que seguiu o novo albergue da Gudiña, na Vía da Prata e o novo albergue de Sobrado dos Monxes e o de Vilasantar, no Camiño do Norte.

A maiores, en vindeiras datas, seguiranse a incorporar novos albergues á rede pública nos diferentes camiños.

Complementariamente á rede pública de albergues da Xunta de Galicia, existe unha ampla oferta na rede de albergues privados que achega mais de 12.000 prazas para o aloxamento dos peregrinos, o que fai unha oferta de preto de 16.000 prazas no conxunto dos albergues galegos."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-ABNemNYbq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 06/09/2022 13:10:50

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2022 13:10:59
Nº Rexistro: 40299
Data envio: 06/09/2022 13:10:59.697

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/09/2022 13:10:50

CSV: BOPGDSPG-ABNemNYbq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2022 10:19:48
Nº Rexistro: 40094
Data envio: 02/09/2022 10:19:48.274
Data 02/09/2022 10:19

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 36166,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas previstas polo Goberno galego para previr e minimizar a contaminación, procedente das verteduras xeradas pola navegación, fronte ás costas galegas"** (publicada no BOPG número 338 do 29 de xuño de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar,** que ten o seguinte contido:

"Axentes do Servizo de Gardacostas de Galicia inspeccionaron durante varios días, a mediados do mes de xuño, distintas praias de Camariñas tras recibir o aviso da presenza de contaminación na zona.

Nesas inspeccións:

Constataron a acumulación dun residuo graxo sólido, de cor amarela e aspecto poroso (tipo esponxa) cunha consistencia semellante á de miga de pan, pero que non desprende ningún olor.

Recolleron distintas mostras desta substancia e enviáronas ao laboratorio que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ten na Coruña para determinar de que material ou produto se trata.

Ao mesmo tempo, investigarase a procedencia destes restos.

CSV: BOPGDSPG-ABNemNYbq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2022 10:19:48
Nº Rexistro: 40094
Data envio: 02/09/2022 10:19:48.274

Xacobeo 21·22

En canto á limpeza das praias, é unha competencia municipal, pero cónstanos que distintos profesionais do sector pesqueiro local estiveron facendo labores na zona para retirar os residuos atopados**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-ABNemNYbq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2022 10:19:48
Nº Rexistro: 40094
Data envio: 02/09/2022 10:19:48.274

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2022 10:19:44

CSV: BOPGDSPG-ABNemNYbq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2022 10:19:15
Nº Rexistro: 40090
Data envio: 02/09/2022 10:19:15.744
Data 02/09/2022 10:19

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 36254,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o atraso nos compromisos de rexeneración e conservación da ría de Pontevedra e a súa contorna e as previsións respecto do informe sobre o proxecto de dragaxe do río Lérez"** (publicada no BOPG número 338 do 29 de xuño de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar,** que ten o seguinte contido:

"A Xunta está a traballar na busca do mellor punto para o depósito dos áridos das dragaxes desde Muros á Guarda despois de que o Ministerio de Transición Ecolóxica impedise o envío de máis áridos ao punto autorizado desde 1998 no exterior da ría de Arousa, fóra da contorna protexida da illa de Sálvora.

De feito, Portos de Galicia impulsou de xeito urxente:

Unha comisión técnica coas autoridades portuarias.

Unha mesa de traballo coas confrarías a través da Federación Galega e outras entidades do sector así como as administracións implicadas.

Estamos a traballar nestes ámbitos e realizando estudos co obxectivo de axilizar ao máximo e con garantías a autorización dun novo punto de depósito ou a reapertura do preexistente pois o seu peche:

CSV: BOPGDSPG-ABNemNYbq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2022 10:19:15
Nº Rexistro: 40090
Data envio: 02/09/2022 10:19:15.744

Afecta ao conxunto das dragaxes previstas nos portos do sur de Galicia (desde Muros cara ao sur).

Obriga a realizar unha nova tramitación para o depósito do material da dragaxe do Lérez.

Condiciona os avances da execución da dragaxe, que xa contou cunha partida orzamentaria de preto de 200.000 euros.

Portos de Galicia tramitou no seu momento o cambio do punto de depósito previsto anteriormente na zona de Tambo ao punto exterior denominado Sálvora, agora tamén inhabilitado.

Así, a mediados do mes de xuño de 2022, a Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, organizou unha xornada técnica coa participación de diversos departamentos da Administración autonómica, tanto da Consellería de Mar como da de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, así como do Goberno central, entre elas as direccións xerais de Biodiversidade e de Costas do Estado.

Neste encontro abordouse o comportamento dos cetáceos como especie protexida e a súa aplicación a unha xestión sostible do litoral. Esta iniciativa enmárcase dentro do servizo para a redacción de estudos ambientais e de proxectos de dragaxe de Portos de Galicia e foi organizada en colaboración co instituto BDRI (Bottlenose Dolphin Research Institute) do Grove.

A maiores, o 28 de xuño de 2022 técnicos do ente público mantiveron un encontro por videoconferencia con representantes das autoridades portuarias de Marín-Pontevedra, Vilagarcía de Arousa e Vigo para expoñer o resultado da análise preliminar de novos puntos de depósito dos materiais das dragaxes.

CSV: BOPGDSPG-ABNemNYbq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nesa xuntanza, na que tamén participaron representantes de distintas asociacións de armadores, organizacións de produtores pesqueiros e confrarías de pescadores, incidiuse na importancia da colaboración da frota para estudar a posible interacción coa actividade extractiva e que as opcións elixidas finalmente conten coas necesarias garantías medioambientais e produtivas. De feito, a finalidade última das tarefas que se están a realizar é que os distintos profesionais fagan achegas para dar as máximas garantías a todo o proceso**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-ABNemNYbq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2022 10:19:15
Nº Rexistro: 40090
Data envio: 02/09/2022 10:19:15.744

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/09/2022 10:19:12

CSV: BOPGDSPG-ABNemNYbq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

CSV: BOPGDSPG-ABNemNYbq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-ABNemNYbq-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/